

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A EXCLUSIÓN DO PORTO DE VIGO DA REDE NODAL EUROPEA

O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa aplicable, formula para o seu debate e eventual aprobación na vindeira sesión a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto de Vigo, recoñecido como o maior porto pesqueiro de Europa e un dos principais polos de actividade comercial do Atlántico, conta cunha importancia estratéxica innegable tanto para Galicia como para o conxunto de España e da Unión Europea. A súa posición privilexiada, as infraestruturas de alta capacidade e a súa relevancia internacional como punto de conexión coas principais rutas marítimas deberían convertelo nun elemento esencial da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).

Porén, a recente decisión da Unión Europea de non incluír Vigo como porto nodal dentro desta rede supón unha discriminación manifesta cara a Galicia. Esta exclusión implica:

1. Limitación do acceso a fondos europeos destinados á mellora das infraestruturas e a loxística portuaria.
2. Prexuízos económicos para o tecido industrial e comercial galego, especialmente para as empresas que dependen das exportacións e importacións marítimas.
3. Unha perda de oportunidades de desenvolvemento rexional, afectando negativamente a competitividade da comunidade autónoma e a súa integración nas cadeas de subministración europeas e internacionais.

O porto de Vigo cumpre todos os requisitos para ser considerado nodal: liderado mundial no sector pesqueiro, infraestruturas de referencia e unha posición estratéxica que conecta Europa coas rutas de América, África e Asia. Non obstante, a Unión Europea continúa priorizando outros portos menos relevantes, perpetuando un trato discriminatorio que lastra o desenvolvemento do noroeste peninsular.

Vigo e Galicia non poden ser excluídas dunha decisión tan fundamental para o futuro do transporte marítimo e a cohesión territorial da Unión Europea. Garantir a inclusión do porto de Vigo na rede nodal é defender o interese xeral da comunidade e da economía galega.

Polo exposto, elévase ao pleno do concello as seguintes

PROPOSTAS DE ACORDO:

1. Instar ao Goberno de España a intensificar as accións diplomáticas ante a Unión Europea para reclamar a inclusión do porto de Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).
2. Requirir á Comisión Europea unha revisión inmediata da súa decisión, baseándose nos criterios obxectivos que demostran a importancia estratéxica, económica e loxística do porto de Vigo.
3. Solicitar o respaldo do Parlamento Europeo e dos eurodeputados galegos para visibilizar a inxustiza desta decisión e traballar conxuntamente na súa reversión.

Vigo, 23 de decembro de 2024



José Miguel Martín Peña